

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 02 DE FEBREIRO DE 2009.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **DOCE HORAS E VINTE MINUTOS** do día **DOUS DE FEBREIRO DE DOUS MIL NOVE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D^a. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia dos señores tenentes de Alcalde **DON MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ** e **DONA MARIA DOLORES GARCIA TROITIÑO** e o concelleiro **D^o GERARDO LAZARA MOREDA** e da Secretaria da Corporación **DONA BERTA ALONSO SOTO**.

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

1^o.- ACTAS ANTERIORES.-

2^o.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-

3^o.- SUBVENCIONES.-

4^o.- CONTRATACIÓN.-

5^o.- URBANISMO.-

ROGOS E PREGUNTAS.-

1^o.- ACTAS ANTERIORES.-

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda aprobas as actas correspondente ás sesións do 26 de novembro; 05 e 26 de decembro de 2008 e 09 de xaneiro de 2009.

2^o.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-

2.1.- Escrito de D^a Ana Souto Rey, Rexistro de Entrada nº 205, de data 16 de xaneiro de 2009, de cesión dos dereitos da Licencia municipal de autoturismo clase B, nº 18, a nome de D^a Vanesa Andrea Morales Ocampo, que seguirá prestando o servizo co vehículo marca Mercedes Benz, matrícula 3409-DZY.

A Xunta de Goberno Local, vistos os antecedentes que obran no expediente, e de conformidade co disposto no artigo 14.d) do regulamento nacional dos servizos urbáns e

interurbáns e transporte de automóbiles lixeiros, aprobado polo Real Decreto 763/79, por unanimidade acorda solicitar a D^a Vanesa Andrea Morales para que no prazo de quince días, a contar dende a recepción deste acordo, presente fotocopia do permiso de conducir obrigatorio para esta clase de vehículos.

2.2.- Dase conta do Informe da Policía Local nº 26/09, de data 30 de xaneiro de 2009, sobre o escrito presentado por Cerocinco 05 Empresas, S.L., en representación da Comunidade de Propietarios do Edificio Os Castros-Toxa, sito na rúa G, nº 1, en data 23.01.09, rexistro de Entrada nº 351, sobre sinalización de entrada de carruaxes no inmueble da rúa G, nº 1 (Silleda).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe anteriormente mencionado acorda dar traslado do mesmo ó Concelleiro de Obras para que proceda a dar as órdenes oportunas para o pintado da entrada de carruaxes solicitada.

2.3.- Escrito do Instituto Galego de Consumo - Consellería de Innovación e Industria, Rexistro de Entrada nº 405, de data 28 de xaneiro de 2009, dando traslado da reclamación presentada pola Asociación de Veciños “Olaia” de Silleda contra a empresa Espina & Delfín S.L.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda remitir este expediente á Alcaldía.

2.4.- Escrito de D^o José Andión Cachafeiro, en representación da empresa COOPEATIVA CGS Y CPA HOXE S.C.G., Rexistro de Entrada nº 345, de data 23 de xaneiro de 2009, comunicando a retirada do vehículo marca Citroen, matrícula M-1663-NP, a cal foi notificada por acordo desta mesma Xunta de Goberno Local, correspondente a súa sesión do 05 de decembro de 2008, e que corresponde á acta-denuncia/inspección nº 2008-101219-00000244 da Patrulla do Seprona de Lalín.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

2.5.- Escrito de D^o Jesús Pena Calveiro, en calidade de socio-administrador da sociedade “GANADERÍA O CASTRO, S.L., Rexistro de Entrada nº 348, de data 23 de xaneiro de 2009, comunicando que posue un baixo comercial na esquina entre as rúas Avda. Recinto Feiral e Progreso, e que diariamente atópanse vehículos mal estacionados por carecer de marcas horizontais que delimiten as distintas prazas de aparcamento; polo que solicita se proceda ó acondicionado de dita zona mediante o correspondente “pintado en batería” das prazas de aparcamento mencionadas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito á Policía Local para que emitan informe sobre a viabilidade de acceder ó solicitado.

2.6.- Escrito do ORAL Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 398, de data 28 de xaneiro de 2009, remitindo recurso contra as valoracións catastrais efectuadas pola Xerencia Territorial do Catastro dos terreos ocupados polas instalacións dos parques eólicos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda remitir este escrito á Alcaldía.

3º.- SUBVENCIONS.-

3.1.- Programas de Cooperación con Entidades Locais para o ano 2009.

Dase conta da Orde do 29 de decembro de 2.008 pola que se establecen as bases que regulan para o ano 2009 as axudas e subvencións para o Fomento de Emprego a través dos Programas de Cooperación da Consellería de Traballo, solicitando este Concello á mencionada Consellería unha subvención para levar a cabo os seguintes programas:

Denominación do equipo	APORTACIÓN □□□		TOTAL □□□
	Concello	Xunta	
Xestión de Carboeiro e outras zonas turísticas de interese	148,00	8.813,05	8.961,05
Mellora en servizos xerais e infraestructuras existentes	1.641,33	102.124,44	103.765,77
Desenvolvemento Cultural e Deportivo	355,20	21.774,84	22.130,04
Servizo de atención xuvenil	355,20	21.774,84	22.130,04
Limpeza e conservación mediambiental 2009	684,72	41.225,22	41.909,94
TOTAL APORTACION	3.184,45	195.712,39	

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación a esta solicitude.

4º.- CONTRATACIÓN.-

4.1.- Visto que con data 26 de decembro de 2.008, a Xunta de Goberno Local, acordou aprobar o proxecto de obras denominado “Acondicionamento do Centro Social da parroquia de Escuadro” incorpórase o mesmo a este expediente de contratación.

Visto que dada a característica da obra polo parece o procedemento máis adecuado o procedemento negociado sen publicidade.

Visto que con data 30 de xaneiro de 2.009 emitiuse Informe por Secretaría sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir e o órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato.

Visto que por acordo desta Xunta de Goberno Local, de data 23 de xaneiro de 2.009, aprobouse iniciar o expediente para a contratación referenciada motivando a necesidade e idoneidade da contratación proposta.

Visto que foi redactado e incorporado ao expediente o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que han de rexer a adxudicación do contrato.

Visto que con data 30 de xaneiro, polo Interventor realizouse a retención de crédito oportuna e se emitiu informe de fiscalización do expediente coas conclusións seguintes.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o Informe de Secretaría, e de conformidade co establecido no artigo 94 e a Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, para a obra “Acondicionamento do Centro Social da parroquia de Escuadro”.

SEGUNDO. Autorizar, en contía de 101.412,14 euros, o gasto que para este Concello representa a contratación referenciada, con cargo á partida correspondente do estado de gastos do Orzamento Municipal deste Concello vixente.

TERCEIRO. Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato de obra “Acondicionamento do Centro Social da parroquia de Escuadro” por procedemento negociado sen publicidade.

CUARTO. Solicitar ofertas a lo menos a tres empresas capacitadas para a execución do contrato.

4.2.- Visto que con data 09 de xaneiro de 2.009, a Xunta de Goberno Local, acordou aprobar o proxecto de obras denominado “Mellora dos camiños: Paredes-Barreiro, Mourelos, Toiriz, Xestoso, Chapa, Manduas, Moalde, Lamela-1, Lamela-2 e Piñeiro” incorpórase o mesmo a este expediente de contratación.

Visto que dada a característica da obra polo parece o procedemento máis adecuado o procedemento negociado sen publicidade.

Visto que con data 30 de xaneiro de 2.009 emitiuse Informe por Secretaría sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir e o órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato.

Visto que por acordo desta Xunta de Goberno Local, de data 23 de xaneiro de 2.009, aprobouse iniciar o expediente para a contratación referenciada motivando a necesidade e idoneidade da contratación proposta.

Visto que foi redactado e incorporado ao expediente o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que han de rexer a adxudicación do contrato.

Visto que con data 30 de xaneiro, polo Interventor realizouse a retención de crédito

oportuna e se emitiu informe de fiscalización do expediente coas conclusións seguintes.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o Informe de Secretaría, e de conformidade co establecido no artigo 94 e a Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, para a obra “Mellora dos camiños: Paredes-Barreiro, Mourelas, Toiriz, Xestoso, Chapa, Manduas, Moalde, Lamela-1, Lamela-2 e Piñeiro”

SEGUNDO. Autorizar, en contía de 231.995,75 euros, o gasto que para este Concello representa a contratación referenciada, con cargo á partida correspondente do estado de gastos do Orzamento Municipal deste Concello vixente.

TERCEIRO. Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato de obra “Mellora dos camiños: Paredes-Barreiro, Mourelas, Toiriz, Xestoso, Chapa, Manduas, Moalde, Lamela-1, Lamela-2 e Piñeiro” por procedemento negociado sen publicidade.

CUARTO. Solicitar ofertas a lo menos a tres empresas capacitadas para a execución do contrato.

5º.- URBANISMO.-

5.1.- Actividades Clasificadas.

5.1.1.- Licencia Nº 3213/07. Visto o expediente instruído a instancia de Dº Angel Estévez Parada, en representación de VIVEROS DE SILLEDA, S.C., solicitando Licencia para instalación dun invernadoiro para produción de planta ornamental, a situar na finca nº 501, polígono 48 do plano catastral, nas proximidades da rotonda da estación de servizo de Silleda (Silleda)

RESULTANDO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos e da Corporación Municipal.

RESULTANDO: Que elevado á Comisión Provincial de Medio Ambiente, este Organismo, con data 14 de maio de 2008, informa en sentido favorable, calificando dita actividade como molesta, SCD, e dende o punto de vista ambiental, condiciónase a súa instalación ó cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) O cumprimento das Medidas Correctoras propostas en planos e memoria.
- b) A que o emprazamento sexa o sinalado no proxecto.
- c) Ó cumprimento das distancias mínimas segundo proxecto.

d) Xestionará os residuos xerados pola actividade con xestores autorizados, atendendo a súa tipoloxía segundo do recollido na normativa vixente, en particular vixiarase especialmente a correcta xestión dos residuos caracterizados coma perigosos (residuos de envases que contiveran produtos caracterizados coma perigosos) e os plásticos. Para os fitosanitarios a empresa que os xestiona estará integrada no Sistema Integrado de Xestión denominado SIGFITO. Lémbreselle a prohibición da queima de residuos.

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non está en contradición coas Ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.

CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescricións legais.

Esta Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a concesión da **licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade**, CONDICIONADA esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que, no seu informe, sinala a Comisión Provincial de Medio Ambiente, non podendo comenazar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos termos desta licencia; estando exento do pago da taxa do ICIO de conformidade co establecido no artigo 4 da Ordenanza Fiscal Municipal, Reguladora do Imposto sobre Instalacións Construcción e Obras.

5.1.2.- Licencia N° 1643/06. Visto o expediente instruído a instancia de D° Eladio Liñares González, en representación de GANADERÍA LIÑARES ZOBRA, S.C., solicitando Licencia de actividade para ampliación de explotación porcina en ciclo mixto, a situar nas proximidades do lugar de Outeiro, parroquia de Refoxos (Silleda).

RESULTANDO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos e da Corporación Municipal

RESULTANDO: Que elevado á Comisión Provincial de Medio Ambiente, este Organismo, con data 16 de xaneiro de 2009, (Rexistro de Entrada n° 507, de data 30 de xaneiro de 2009) informa en sentido favorable, calificando dita actividade como Molesta, Insalubre, Nociva, CD. 012-43, e dende o punto de vista ambiental, condiciónase a súa instalación ó cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) O cumprimento das Medidas Correctoras propostas en planos e memoria.
- b) A que o emprazamento sexa o sinalado no proxecto.
- c) Ó cumprimento das distancias mínimas segundo proxecto.
- d) As fosas deberán ser estancas e impermeables e en ningún momento poderán existir vertidos directos ao medio natural. Previa á licenza de actividade aportará un certificado polo técnico responsable que acredite a estanquidade e impermeabilidade tanto das fosas. A auga de abastecemento procedente do pozo contará cun sistema de cloración permanente que

garanta a potabilidade da auga de consumo, deberá iniciar o procedemento para a súa inscrición perante o organismo Augas de Galicia antes do outorgamento da licenza. Tódalas instalacións cumprirán os requisitos establecidos no RD 1135/2002, de 31 de outubro, relativo ás normas mínimas para a protección dos porcos. Os residuos que se xeren durante a actividade, se xestionarán con xestores autorizados, coa periodicidade que requira o correcto mantemento da instalación, atendendo a súa tipoloxía. A utilización de esterco coma fertilizante agrícola seguirá as indicacións do Código Galego de Boas Prácticas Agrarias, respectando as distancias mínimas e as cantidades máximas permitidas por Ha segundo o “RD 261/1996 de 16 de febreiro de protección contra a contaminación producida por nitratos procedentes de fontes agrarias”, e o “RD lexislativo 1/2001, de 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas”.

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non está en contradición coas Ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.

CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescricións legais.

Esta Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a concesión da **licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade**, **CONDICIONADA** esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que, no seu informe, sinala a Comisión Provincial de Medio Ambiente, non podendo comezar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licencia; debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascendan as taxas regulamentarias, según liquidación que practicará a Intervención municipal.

5.2.- Licencias de Obra Maior:

5.2.1.- Examinado o expediente promovido por SILLEDA JARDÍN 2005, S.L., en virtude de instancia nº 1446 de data 28 de marzo de 2008, solicitando Licencia para rehabilitación de vivenda unifamiliar sita no lugar do Marco, s/n, parroquia de Siador (Silleda), segundo proxecto do Arquitecto Dº Oscar L. Rodríguez Ramos, visado polo Colexio Oficial correspondente en data 25 de marzo de 2008, coa referencia VD081066,1.

Visto o informe do Arquitecto Asesor Técnico Municipal, de data 28 de xaneiro de 2009, a Xunta de Goberno Local, coa abstención da Presidenta segundo artigo 76 da Lei de Bases de Réximen Local, por unanimidade acorda

1º.- Informar favorablemente a concesión da Licencia Municipal Nº 1446/08 instada por SILLEDA JARDÍN 2005, S.L., para rehabilitación de vivenda unifamiliar sita no lugar do Marco, s/n, parroquia de Siador (Silleda)

2º.- Remiti-lo expediente completo á Delegación Provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes (Servicio de Urbanismo e Inspección Territorial)

para que emita Informe de cara á obtención da preceptiva autorización autonómica.

5.2.2.- Examinado o expediente promovido por Dº Anxo Queiruga Vila, en representación da CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI), en virtude de instancia nº 4234 de data 11 de agosto de 2008, solicitando Licencia para rehabilitación e ampliación dun conxunto de edificacións para destinalas a centro de recursos para persoas con discapacidade, sitas na finca nº 862, polígono 510 do plano catastral, situadas nas proximidades do lugar de Medelo, parroquia de Manduas (Silleda), segundo proxecto dos Arquitectos Dº Oscar Andrés Quintela e Dª Lourdes Pérez Castro, visado polo Colexio Oficial correspondente en data 06 de agosto de 2008.

Visto o informe do Arquitecto Asesor Técnico Municipal, de data 26 de xaneiro de 2009, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda

1º.- Informar favorablemente a concesión da Licencia Municipal Nº 4234/08 instada pola CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI), para rehabilitación e ampliación dun conxunto de edificacións para destinalas a centro de recursos para persoas con discapacidade, sitas na finca nº 862, polígono 510 do plano catastral, situadas nas proximidades do lugar de Medelo, parroquia de Manduas (Silleda).

2º.- Remiti-lo expediente completo á Delegación Provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes (Servicio de Urbanismo e Inspección Territorial) para que emita Informe de cara á obtención da preceptiva autorización autonómica e ó Departamento de Vías e Obras da Deputación Provincial.

5.3.- Escrito de Dº José López Cardigonde e Dª Mª Carmen Sanmartín Castro, Rexistro de Entrada nº 338, de data 23 de xaneiro de 2009, comunicando que con data 05 de xaneiro de 2009 solicitaron a paralización da construción dun muro realizado na parcela nº 5280 do polígono 506 denominada Monte de Sachocos (Negreiros), por construírse dentro da propiedade do expoñentes. Que dito muro atópase o día de hoxe rematado, así como que se pechou un camiño de uso doméstico impedindo o acceso ás súas parcelas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda remitir este escrito á Policía Local para que emitan informe sobre os feitos denunciados.

ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo intervencións

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as trece horas e quince minutos, extendéndose a presente acta, do que como Secretaria, dou fe.

A ALCALDESA,

A SECRETARIA,